

Noites de sono acumulado

O cursor escintilaba sobre a folla do word completamente en branco que proxectaba unha clara luz en todo o cuarto. Ían ser xa as doce en punto e o traballo de historia da arte para o día seguinte nin o comezara. Plenilunio a medio ler e o exame era en dous días. O Barroco non era, nin de lonxe, o seu estilo favorito, pois a quen lle gustaba tanta decoración xunta, tanto santo? Non, xa non era momento de pensar niso, debía facer xa o traballo, logo lería unhas cen páxinas máis e daríalle tempo a telo rematado.



Comezou a redactar coma se a vida lle fose niso, e de súpeto, no silencio da noite aínda non calorosa, mais si suave e primaveral, oíu un lixeiro son. Non lle fixo caso, e continuou escribindo. Entón, volveu oílo. Mirou instintivamente para o teléfono e colleuno: alguén preguntaba polo chat da clase se o exame de latín se cambiara para o 28.

Que carallo lle interesaba a el o exame de latín! Iso era problema do seu eu do futuro, do seu eu do venres. Así non había quen vivise. Silenciou o chat e continuou redactando. Entón, mentres escribía sobre a expresión patética de Dafne na escultura de Bernini, a pantalla do teléfono acendeuse por completo, e no momento pensou que ía perder os nervios. Resulta que alguén o etiquetara nunha foto no Instagram, unha foto de había dous ou tres sábados, cando saíra cos amigos de festa a Santa Comba, e claro, a ese elemento non se lle ocorreu outra cousa que subir unha foto desas un martes pola noite en plena semana de exames. De verdade, algúns só pensaban en saír de festa!

Apagou o teléfono e volveu ao ordenador. Agora xa ninguén molestaría. Na casa, xa todos durmían. Seus irmáns pequenos adoitaban deitarse cedo, e seu pai, desde que súa nai falecera, sempre ía sobre as once e media para a cama. Mirou o reloxo e xa era case a unha. Mañá chegaría tarde, ou volvería a quedar a durmir nunha desas clases tan entretidas de grego nas que todos traducían textos e máis textos coma se fose un simple xogo, aínda que a el lle custaba.

Apolo e Dafne era unha escultura complicada, e facer un comentario seu daba traballo. O profesor explicara só por encima catro detalles e pasara rápido a outra cousa, e agora o comentario non lle estaba resultando doado. Decidiu facer un curto descanso posto que xa cubrira unha páxina enteira e puxo, con moi pouco volume, un pouco de música. Buscou rapidamente no YouTube, e o primeiro que apareceu foi "I Want to Break Free", de Queen. Achegouse á ventá. Aínda non baixara a persiana, e as luces difusas das lámpadas da praza deixaban penetrar un suave fulgor alaranxado. Con tranquilidade comezou a marcar o ritmo da canción cun pé, e imaxinou unha guitarra eléctrica, quizais un baixo, nos seus brazos, coa que comezou a tocar uns acordes completamente oníricos.

Era o seu momento de descanso, o seu KitKat tras unha longa tarde de estudo prolongada ata as tantas, e entón, alguén petou á porta e abriu de golpe. Era seu pai, envolto no seu batín de seda vermella.

- Vaia fillo, que non son horas... Mañá teño garda en urxencias a primeira hora...

E el, avergoñado, non só de espertar a seu pai coa música, que cría baixa, senón tamén de que o atopase "bailando", pediu perdón. Volveu ao traballo de historia da arte mentres quitaba a Queen e seu pai volvía á cama. Alguén petou de novo á porta.

Agora era súa irmá pequena, que tamén espertara coa música. Necesitaba ir ao baño e tiña medo das pantasma ou de vai ti a saber que. Acompañouna e, sen demorarse moito, regresou ao portátil. O cuarto estaba agora completamente a escuras e a pantalla do ordenador estaba en negro. O portátil xa non tiña batería.

Perdeu a paciencia e deitouse na cama. Nin traballo de historia da arte, nin Plenilunio... polo menos agora ía durmir. Xa lle poñería ao día seguinte calquera excusa ao profesor de arte para ter algo máis de tempo, e xa lle daría ben ao libro de lectura tamén.

Sen dúbida, segundo de bacharelato estaba acabando con el.

Xosé Ramón Cisneros. 2º de Bacharelato